

## Tempo

As figuras musicais habitualmente utilizadas como unidades métricas ( $\downarrow$ ,  $\downarrow$ ,  $\downarrow$ ) son representadas pola súa cifra correspondente (2, 4, 8), para que poidan ser recoñecidas polo sistema informático. Esta cifra, que indica o número de veces que tal figura está contida na figura máis longa (a redonda -  $\circ$  -, cuxo valor é 1), é a que se emprega no mal chamado “denominador” do signo indicador de compás (2/4). Polo tanto, as cifras **2, 4, 8**, que representan á branca, negra e corchea, poden estar seguidas ou non de punto (.), despois o signo igual (=) e un número arábigo (**125**), ou dous números separados de guión (**125-160**), ou a abreviatura de *circa* (**ca.**) e o número correspondente (*ca.88*=aproximadamente 88).

### Notas:

-A velocidade de reprodución da gravación puido resultar alterada (especialmente nas casetes), así que este dato debe ser tomado sempre como *aproximativo*.

-Non sempre se utiliza a unidade métrica para indicar a velocidade da peza, senón ás veces a unidade máis breve coa que poder contabilizar o ritmo, nos casos onde este é máis irregular.

Exemplos:

4=125	$\downarrow$ =125
4.=78	$\downarrow$ .=78
8=210-245	$\downarrow$ =210-245
4=ca.96	$\downarrow$ =ca.96